

## **“Ordenanza reguladora das axudas ao transporte metropolitano social do Concello de Negreira”.**

### **TÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS.**

#### **Artigo 1.- Réxime xurídico:**

1. As axudas ao transporte público rexeranse polos preceptos básicos establecidos na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e polo seu regulamento de desenvolvemento aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo; así como polo establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, que desenvolve a Lei de subvencións de Galicia; e terán en conta o establecido no II Convenio de Colaboración para o Desenvolvemento do Conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Santiago que o Concello de Negreira ten asinado coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia.
2. Para a concesión das axudas para o transporte público estarase ao disposto na presente ordenanza e as disposicións que se adopten na súa aplicación e desenvolvemento.
- 3.

#### **Artigo 2.- Obxecto e ámbito de aplicación:**

1. A presente ordenanza ten por obxecto regular o réxime de concesión de axudas ao transporte colectivo do Concello de Negreira, coa intención de promover e facilitar no seu ámbito territorial a mobilidade, o desprazamento e a intercomunicación a través dos medios de transporte públicos daqueles colectivos especificados no artigo 4 da presente ordenanza.
2. As axudas ás que fai referencia esta ordenanza serán de aplicación en todos os medios de transporte públicos incluídos no Anexo Técnico do II Convenio de Colaboración para o Desenvolvemento Conxunto do Transporte Metropolitano de Galicia na Área de Transporte Metropolitano de Santiago, que o Concello de Negreira ten asinado coa Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia, e serán de aplicación exclusiva naquelas viaxes que teñan como orixe ou destino o concello de Negreira.

### **TÍTULO II: TÍTULOS DE VIAXE E PERSOAS BENEFICIARIAS.**

#### **Artigo 3.-Títulos de viaxe:**

1. Para estes efectos tan só será considerado válido como título de viaxe a Tarxeta Metropolitana de Galicia Social (TMG Social).
2. Os títulos de viaxe expediranse con carácter nominativo e serán de uso exclusivo do seu titular, que tan só poderá ser titular dunha única TMGS expedida por calquera dos concellos que integran a Área de Transporte Metropolitano de Santiago, quen se responsabiliza da súa custodia e correcto uso, estando obrigado a comunicar ao concello

mediante o anexo IV a súa perda ou deterioro coa finalidade de proceder á súa anulación e substitución.

#### **Artigo 4.- Persoas Beneficiarias:**

1. Poderán ser beneficiarios desta axuda, previa solicitude feita nos servizos sociais do concello mediante o anexo I:

a) **As persoas maiores de sesenta e cinco anos** que non exerzan actividade laboral e estén empadroadas no concello de Negreira no momento da súa solicitude e que acrediten estar empadroadas en calquera dos concellos da Área de Transporte Metropolitano de Santiago nos doce meses anteriores á solicitude da axuda e que teñan uns ingresos persoais non superiores a 1,5 o valor do IPREM.

b) **As persoas en situación de desemprego** que cumpran os seguintes requisitos:

1.- Atoparse inscrito/a como demandante de emprego, de xeito ininterrompido durante, como mínimo, os doce meses anteriores á data da súa solicitude.

2.- Ter realizado unha actividade laboral durante un tempo mínimo de 12 meses nos derradeiros cinco anos anteriores a data da solicitude.

3.- Carecer de recursos propios no momento da solicitude.

4.- Participar activamente en itinerarios de inserción laboral.

5.- Estar empadroado no concello de Negreira no momento de facer a solicitude e acreditar un empadroamento anterior a doce meses en calquera dos concellos da Área de Transporte Metropolitano de Santiago.

c) **As persoas que acrediten unha discapacidade en grao igual ou superior ao 65%**, acreditada a través de copia de certificación de minusvalía de EVO da Xunta de Galicia, ou por organismo análogo doutra comunidade autónoma, que cumpran os seguintes requisitos:

1.- Que os ingresos individuais do solicitante sexan iguais ou inferiores a 1,5 veces o valor do IPREM.

2.- Estar empadroado no concello de Negreira no momento de facer a solicitude e acreditar un empadroamento anterior a doce meses en calquera dos concellos da Área de Transporte Metropolitano de Santiago.

d) **Persoas en situación de risco social.** É dicir, aquelas persoas residentes no concello de Negreira, que a criterio dos Servizos Sociais do concello de Negreira e atendendo a razóns de emerxencia social ou de precariedade persoal puideran precisar desta axuda. Só se concederán con carácter extraordinario e quedarán supeditadas a que a situación valorada como emerxencia sexa susceptible de ser mellorada ou solucionada coa concesión desta axuda.

### **TÍTULO III: CARACTERÍSTICAS DAS AXUDAS.**

#### **Artigo 5.- Contía das axudas:**

1. A contía das axudas fixarase tomando como referencia o prezo da viaxe sinxela correspondente a un salto, aboado mediante a TMG Social, na actualidade o importe é de **0,82** euros, e poderá ser variado, no seu caso, de acordo coas variacións que este prezo poida experimentar durante a vixencia das axudas regulamentadas nesta ordenanza.

2. O Concello de Negreira subvencionará as viaxes efectuadas polas persoas maiores de 65 anos que cumpran as condicións explicitadas no artigo 4.1, apartado a) da presente ordenanza, nun 50% do seu importe, ata un máximo de 20 viaxes mensuais.
3. O Concello de Negreira subvencionará as viaxes efectuadas polas persoas en situación de desemprego que cumpran os requisitos estipulados no artigo 4.1, apartado b) da presente ordenanza nun 50% do seu importe, ata un máximo de 20 viaxes mensuais.
4. O Concello de Negreira subvencionará as viaxes efectuadas polas persoas con discapacidade que cumpran os requisitos estipulados no artigo 4.1, apartado c) da presente ordenanza nun 50% do seu importe, ata un máximo de 20 viaxes mensuais.
5. O Concello de Negreira subvencionará as viaxes efectuadas polas persoas en situación de risco social do artigo 4.1, apartado d) da presente ordenanza nun 75% do seu importe, ata un máximo de 30 viaxes mensuais.

#### **Artigo 6.- Aboamento das axudas:**

1. O aboamento da axuda concedida farase efectivo na Tarxeta Metropolitana Social no momento de efectuar a recarga por parte do titular, mediante a compensación do 50% do importe das viaxes realizadas no mes anterior, dacordo co límite de viaxes establecido no artigo 5 desta ordenanza (20 viaxes).
2. No que se refire ás axudas ao transporte concedidas ao colectivo ao que fai referencia o artigo 4 no seu apartado d, a compensación será do 75% do importe das viaxes realizadas no mes anterior cun límite de 30 viaxes.
3. Estas compensacións serán acumulables por un período máximo de dous meses.

#### **Artigo 7.- Duración das axudas:**

1. Con carácter xeral, estas axudas terán unha vixencia anual, en tanto se manteñan as condicións que determinaron a súa concesión e serán revisadas cada doce meses dende a súa concesión, estando obrigado o beneficiario/a a entregar en cada momento a documentación xustificativa que lle sexa requirida polos servizos sociais do concello de Negreira.
2. Con carácter extraordinario, as axudas concedidas ás persoas do artigo 4.1 apartado d), terán a vixencia que os Servizos Sociais de Negreira determinen e interromperanse no momento en que os Servizos Sociais así o consideren.

### **TÍTULO IV: PROCEDIMENTO.**

#### **Artigo 8.- Solicitudes e documentación necesaria:**

1. As solicitudes para acollerse aos beneficios da TMG Social deberán ser presentadas por Rexistro do concello, mediante a cumprimentación do impreso oficial (anexos I e II), coa excepción das axudas que vaian a ser concedidas ao abeiro do disposto no apartado d) do artigo 4.1 desta ordenanza, que serán tratadas directamente polos Servizos Sociais do concello.
2. O prazo de presentación da solicitude estará permanentemente aberto. No caso de que a solicitude estivera incompleta e non reunira os requisitos esixidos para a súa tramitación, requirirase a persoa solicitante para que, de conformidade co disposto no artigo 71.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de 10 días, emende os

defectos e/ou acompañe os documentos preceptivos, con indicación de que, de non facelo así, entenderase que desiste de seu pedimento, previa resolución ditada nos termos previstos no artigo 42 de dito texto legal.

3. Con carácter xeral, as solicitudes deberán ir acompañadas de fotocopia do DNI do solicitante e, no caso de non levar empadroado no concello de Negreira un tempo superior a doce meses, certificado de ter estado empadroado en calquera dos concellos da Area de Transporte Metropolitano de Santiago nos meses inmediatamente anteriores ata xustificar un mínimo de doce meses consecutivos en total.

4. O solicitante deberá aportar fotocopia na que sexa visible o número da súa TMG e fotocopia do contrato de adquisición da tarxeta. A tarxeta debe adquirirse previamente á presentación de solicitude no concello. A persoa que pretenda solicitar a axuda deberá adquirirla tarxeta ás súas expensas nos lugares habilitados para tal fin, para que por parte dos servizos sociais municipais sexa convertida en TMG Social, una vez aceptada a súa solicitude.

5. Con carácter específico, deberá ser achegada igualmente a seguinte documentación:

a) As solicitudes formuladas por persoas maiores de 65 anos, ao abeiro do disposto no apartado a) do artigo, 4.1, deberán ir acompañadas de:

- Certificado da Seguridade Social indicando se a persoa solicitante é perceptora de pensión e, de ser así, facer constar o seu importe.

- Fotocopia da declaración do IRPF do último ano ou, de non ter obriga de facela, certificación da Axencia Tributaria que o acredite.

b) As solicitudes formuladas por persoas en situación de desemprego ao abeiro do disposto no apartado b) do artigo 4.1, deberán ir acompañadas de:

- Certificación de estar inscrita como demandante de emprego no INEM, indicando o período temporal e se é beneficiario ou non de prestación ou subsidio, con indicación, no seu caso, do seu importe.

- Certificación da Seguridade Social indicando se é perceptora de pensión e, de ser así, facendo constar o seu importe.

- Fotocopia da declaración do IRPF do último ano ou, de non ter obriga de facela, certificación da Axencia Tributaria que o acredite.

- Certificación de estar participando activamente en itinerarios de inserción laboral.

- Informe de vida laboral.

c) As solicitudes presentados por persoas con discapacidade ás que fai referencia o apartado c) do artigo 4.1 da presente ordenanza, deberán ir acompañadas de:

- Certificado expedido pola Seguridade Social indicando se é perceptora de pensión e, de ser así, indicación do seu importe.

- Fotocopia da declaración do IRPF do último ano ou, de non ter obriga de facela, certificación da Axencia Tributaria que o acredite.

- Fotocopia de certificación EVO de minusvalía.

d) A concesión de axudas ao transporte derivadas do disposto no apartado d) do artigo 4.1 da presente ordenanza serán tramitadas directamente polos Servizos Sociais municipais, que requirirán a documentación xustificativa necesaria en cada momento para a elaboración dun informe documentado que xustifique a súa concesión ou denegación.

### **Artigo 9. Concesión das axudas:**

1. As solicitudes de TMG Social presentadas de conformidade co disposto nesta ordenanza, serán resoltas favorablemente por Decreto de Alcaldía e concedidas nun prazo máximo de 30 días, agás causa de forza maior que o impida.
2. Se se producira algunha denegación, esta será comunicada por escrito ao interesado, explicando as causas que motivan a súa denegación, dentro do prazo máximo de 30 días naturais a contar dende a data de cumprimentación da solicitude. Contra esta decisión, o interesado poderá formular os recursos previstos na normativa sobre procedemnto administrativo común (lei 30/1992 de 26 de novembro).

### **Artigo 10. Uso da tarxeta e obrigas.**

1. A tarxeta e persoal e intransferible, responsabilizándose o seu titular do seu uso correcto.
2. A tarxeta deberá ser mostrada ao condutor do autobús e presentada nas máquinas canceladoras destes.
3. O titular deberá identificarse mediante DNI, pasaporte, permiso de conducir ou documento análogo sempre que sexa requirido para tal fin polo condutor do autobús, inspectores da compañía de transportes ou persoal do concello debidamente acreditados.
4. O titular da tarxeta está obrigado a mantela en bo estado e a comunicar ao concello a perda ou subtracción que puidera significar a utilización por persoas non autorizadas. O incumprimento deste deber podería determinar a esixencia de responsabilidades conforme ao réxime sancionador desta ordenanza.
5. O mantemento da situación de beneficiario está condicionada a que este reúna en todo momento os requisitos esixidos.
6. Transcorridos 12 meses dende a data de concesión, o concello poderá dar de baixa aquelas tarxetas cuxos titulares non tivesen renovado a documentación acreditativa da permanencia das circunstancias que motivaron a súa concesión. Estes beneficios suspendidos por esta causa, serán repostos de inmediato a partir do momento en que se acredite o dereito efectivo a eles.

### **Artigo 11.- Causas de baixa:**

1. Serán causas de baixa:
  - a) A renuncia expresa da persoa beneficiaria feita mediante o anexo IV desta ordenanza.
  - b) Falecemento da persoa beneficiaria.
  - c) Baixa no padrón municipal de habitantes nos seguintes doce meses a fecha de aprobación da axuda solicitada.
  - d) No caso das persoas beneficiarias do artigo 4.1 apartado d) tamén será motivo de baixa a desaparición ou modificación das circunstancias que motivaron a concesión desta axuda.
  - e) Se o/a beneficiario/a non comunica de inmediato ao departamento de servizos sociais de Negreira, mediante o anexo III, calquera variación na súa situación persoal e económica que poida afectar a concesión feita.
  - f) Utilización da tarxeta por outra persoa que non sexa o/a titular.

- g) En caso de perda ou subtracción da tarxeta, será dada de baixa nun prazo máximo de dous días dende a data en que o comunique mediante o anexo IV, co fin de evitar o uso fraudulento por parte de outras persoas.
- h) Cese na prestación das axudas ao transporte público por parte do Concello de Negreira.

## **TÍTULO V: INFRACCIÓNS E SANCIÓN.**

### **Artigo 12. Infraccións:**

1. Terán a consideración de moi graves e en consecuencia merecentes de sanción as seguintes infraccións:

- a. A utilización da tarxeta por persoa distinta do seu titular, co seu consentimento e sen que medie comunicación ao concello de subtracción ou extravío.
- b. A falsificación ou manipulación da documentación achegada no momento da súa solicitude ou renovación.
- c. O comportamento manifestamente inadecuado nos medios de transporte público, tales como comportamentos violentos, groseiros, sexistas, xenófobos, racistas ou calquera outros denunciados polo persoal dos medios de transporte ou outros pasaxeiros diante do concello, que procederá á apertura das correspondentes dilixencias informativas.
  - d. A negativa á presentación do DNI ou identificación persoal suficiente ao condutor do autobús, servizos de inspección da empresa ou persoal acreditado do concello, cando lle fose requirida.

### **Artigo 13. Réxime sancionador:**

- 1. As actuacións consideradas nesta ordenanza como moi graves, levarán consigo a perda do dereito á obtención da TMG Social por un periodo de 12 meses.
- 2. A reiteración nestas condutas, suporán a perda definitiva do dereito.

## **DISPOSICIÓN FINAL.**

Esta ordenanza entrará en vigor ao día seguinte de ser publicado no BOP da Coruña e transcorrido o prazo a que se refire o artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

## **ANEXO I**

### **Solicitude de concesión da TMG Social**

Nº EXPTE:

Nº TARXETA:

**SINALE O TIPO DE SOLICITUDE:**

Valoración inicial ( )

Renovación ( )

Modificación de datos ( )

**SINALE O COLECTIVO AO QUE PERTENCE:**

Persoas maiores de 65 anos ( )

Persoas desempregadas ( )

Persoas con discapacidade ( )

Persoas en situación de risco social ( )

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:**



**ANEXO III**

**Comunicación de cambio das circunstancias valoradas.**

D/D<sup>a</sup>.....con

D.N.I.....

titular beneficiario/a da TMG Social nº ..... comunico que as circunstancias que se tiveron en conta para a aprobación da concesión da TMG Social cambiaron e debe por tanto procederse á unha nova valoración ou baixa dacordo á normativa vixente.

Asinado:

En Negreira a ..... de ..... de 201...

**ANEXO IV**

**Comunicación de renuncia, extravío, deterioro ou subtracción da TMG Social**

D/D<sup>a</sup>.....con

D.N.I.....titular da tarxeta

nº.....comunico ós Servizos Sociais do Concello de Negreira a:

Renuncia ( )

Extravío ( )

Deterioro ( )

Subtracción ( )

Asinado:

En Negreira a ..... de ..... de 201...